

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL PARA A CREACIÓN DO OBSERVATORIO DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL GALEGO, A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS DE APOIO AO LIBRO INFANTIL E XUVENIL EN GALICIA NO ANO 2025.

En Santiago de Compostela

REÚNENSE

Dunha parte, a consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en adiante, "a Consellería") e no seu nome e representación, José Carlos López Campos, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, para o que foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil co NIF G36120871, (en adiante GÁLIX) e no seu nome e representación, David Cortizo Conde na súa condición de presidente actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que detentan, se recoñecen reciprocamente capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio de colaboración e, en consecuencia,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro de ese ámbito competencial, a Consellería vén desenvolve unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.



A Consellería quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

Que a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX) é unha entidade cultural sen ánimo de lucro que ten como finalidade defender e promover a cultura e a lingua galega a través da literatura infantil e xuvenil.

Entre os seus obxectivos atópase tamén:

- Recoller, promover, programar e executar iniciativas que tendan á promoción do libro infantil e xuvenil.
- Prestar asesoramento e cooperación ás entidades ou persoas, administración e sectores interesados nestes fins, tanto dentro coma fóra de Galicia.
- Asumir a representación galega nas organizacións estatais ou internacionais, con todas as responsabilidades e obrigas que isto comporte.
- Establecer coas entidades públicas e privadas os convenios precisos para un mellor cumprimento dos seus fins.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración coa Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil para a creación do Observatorio do libro Infantil e Xuvenil Galego, a realización de actividades culturais para a difusión da literatura infantil e xuvenil e continuar a colaboración coa Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil (OEPLI)



1. Observatorio do libro Infantil e Xuvenil Galego

O comezo do labor do Observatorio do libro Infantil e Xuvenil Galego estará sustentado no aproveitamento do labor realizado pola asociación e enfocado á creación dun centro de documentación e difusión da LIX galega. Dende o Centro de documentación e difusión da LIX galega realizaranse as seguintes actividades: Informe/memoria Anual de publicacións de LIX, Catálogo de tradución de LIX, Fondo Gáliz na Biblioteca de Galicia, o Blog de Gáliz que se transformará nunha revista dixital.

2. Colaboración coa OEPLI (Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil)

A Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX)) quere continuar a colaboración coa OEPLI (Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil) que é a sección española do IBBY (Internacional Board on Books for Young People) mediante o pago da cota correspondente ao ano 2025. A OEPLI como entidade sen ánimo de lucro, encárgase da realización e coordinación de todo tipo de actividades de promoción relacionadas co libro infantil e da lectura, así como das funcións de representación en España do IBBY. GÁLIX, como sección galega, poderá participar nas actividades desenvolvidas sempre e cando estea ao día no pago das cotas de pertenza a esta entidade.

Todo o exposto é de gran importancia para GÁLIX, pois posibilita a visualización estatal e internacional dos/as autores/as e ilustradores/as galegos/as que traballan no eido da LIX

3. Actividades culturais de difusión da literatura infantil e xuvenil durante o ano 2025:

Participación Internacional:

Elaboración por parte de GÁLIX do catálogo Galicia Book for Children & Young Adults 2025. Inclúe os labores de produción, xestión, selección, elaboración de contidos e adquisición de materiais para a realización deste catálogo que recolle toda a produción galega no eido da Literatura Infantil e Xuvenil ao longo do ano 2024. Este traballo resulta fundamental para garantir a difusión internacional da produción de LIX en Galicia, de cara a promover os profesionais galegos, así como a súa cultura e capacidades. Tamén inclúe a impresión de exemplares para a distribución en bibliotecas escolares e á rede de bibliotecas de Galicia.

Selección de Libros Relevantes para Xente Nova con Discapacidade (Outstanding Books for Young People with Disabilities Selection): Realización dunha escolma de



libros galegos publicados nos últimos anos e que cumpran os seguintes requirimentos:

- Libros con formatos especializados: braille, linguaxe de signos, táctiles etc.
- Libros que non están en formato especializado pero dirixidos a diferentes idades, niveis e habilidades: libros con conceptos e textos simples, letra grande, imaxes brillantes...
- Libros ilustrados ou novelas con personaxes con discapacidade.

Estes libros presentaranse na Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña.

IFLA (International Federation of Library Associations): Presentación de libros para o catálogo de libros recomendados.

Premio ALMA (Astrid Lindgren Memorial Award): Presentación dos candidatos galegos nas modalidades de escritor e ilustrador.

Premios Andersen: Presentación dos candidatos galegos nas modalidades de escritor e ilustrador.

Libros Infantís en Linguas Europeas (Children Books in European Languages):

Presentación de propostas ao IBBY para entrar na súa selección actualizada dos mellores libros infantís nos idiomas europeos.

Presenza en feiras internacionais como embaixadores do Libro Infantil e Xuvenil Galego

Participación Estatal:

Premios Nacionais: Literatura Infantil e Ilustración: Proposta de dúas persoas para formar parte do xurado en representación da OEPLI, así como presentación de candidatos galegos en ambas as dúas modalidades (na de Literatura Infantil por un libro publicado no 2024, e na de Ilustración polo conxunto dunha carreira)

Premio Lazarillo: Colaboración nas decisións sobre as bases da edición 2025, tradución para a OEPLI e participación no xurado.

Participación no Día Internacional do Libro Infantil DILI 2025: Tradución e difusión do material promocional e da iniciativa/concurso desenvolvida ad hoc.

Participación en Galicia.

Nomeamento do Socio/a de Honra 2025: Organización do acto de nomeamento como Socio de Honra de Gáliz.

Día Internacional do Libro Infantil 2025: Organización e celebración do evento de entrega de premios do certame DILI.



Premio da Cultura: Presentación dos candidatos galegos nas modalidades de “das Letras” e “da Lingua”.

Creación e convocatoria dun Premio bianual ao libro divulgativo: Creación dun premio que teña como finalidade a divulgación do coñecemento. Consistirá nun premio en metálico e a publicación do libro. Na súa primeira convocatoria a dotación do premio será sufragado con fondos propios mentres que o pagamento de xurado técnico irá con cargo a este convenio.

SEGUNDA.- Xustificación da non concorrencia

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que representa Gáliz na promoción da cultura infantil e xuvenil.

Por todo o anterior a GÁLIX é a entidade que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura para o ano 2025, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio en cádrase dentro do previsto nese plan.

TERCEIRA.- Obrigas da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil.

GÁLIX comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual– a colaboración coa Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A Asociación deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.



A Asociación ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

A Asociación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a Asociación deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

A Asociación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

CUARTA.- Financiamento e compatibilidade

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a aboar a cantidade total de 25.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432A.781.4 (código de proxecto 2023 00073)

Esta cantidade, 25.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas



establecidas no orzamento estimado no anexo de gastos subvencionables, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

QUINTA.- Xustificación dos gastos e pagamento

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 30 de novembro de 2025.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Asociación presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio. Nesta memoria deberase indicar o número de asistentes
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - ┌ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - ┌ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.



- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido. Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. Na xustificación deberase indicar si son ou non susceptibles de recuperación.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

Subcontratación:

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso queda fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2025, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Asociación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.



Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

SEXTA.- Pagamentos anticipados e á conta

No caso de que a asociación solicite pagamentos anticipados segundo o disposto no artigo 63.1.2, poderán concederse anticipos ata o 50% do importe da subvención concedida, que neste caso será de 12.500 € como máximo.

No caso de que a asociación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A Asociación tamén poderá solicitar pagos á conta, de acordo co artigo 62 do Regulamento de Subvención, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder de 18.000 €

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

SEPTIMA.- Comisión de Seguimento.

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola subdirectora xeral de Bibliotecas e do Libro da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e polo presidente da Asociación.

OITAVA.- Causas de resolución e modificación do convenio

O incumprimento de calquera das estipulacións deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorran algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.



Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico:

"Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."

NOVENA.- Publicidade e rexistro do convenio

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Asociación acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMA.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5



de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Administración dixital.

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO SEGUNDA.- Xurisdición.

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.



DÉCIMO TERCEIRA.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO CUARTA.- Vixencia.

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2025.

DÉCIMO QUINTA.- POSIBILIDADE DE DESISTENZA DO CONVENIO

A Administración da Comunidade Autónoma poderá desistir da tramitación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude,

O presidente da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil

José Carlos López Campos

David Cortizo Conde



ANEXO – GASTOS SUBVENCIONABLES

CONCEPTO	IMPORTE
Pagamento cota OEPLI 2025	8.000 €
Observatorio do libro Infantil e Xuvenil Galego	7.800 €
Catálogo Galician Book for Children & Young Adults 2025	4.000 €
Nomeamento socio/a de honra 2025	900 €
Día Internacional do Libro Infantil DILI 2025	1.050 €
Selección de libros relevantes e candidaturas para as seguintes escolmas, catálogos e certames: XENTE NOVA CON DISCAPACIDADE (OUTSTANDING BOOKS FOR YOUNG PEOPLE WITH DISABILITIES SELECTION), IFLA (INTERNATIONAL FEDERATION LIBRARY ASSOCIATIONS), PREMIO ALMA (ASTRID LINDGREN MEMORIAL AWARD), PREMIOS ANDERSEN, LIBROS INFANTÍS EN LINGUAS EUROPEAS (CHILDREN BOOKS IN EUROPEAN LANGUAGES), PREMIOS NACIONAIS DE LITERATURA INFANTIL E ILUSTRACIÓN...	1.250 €
Premio bianual ao libro divulgativo, edición 2025. Pagamento Xurado	2.000 €
TOTAL ECONÓMICO	25.000 €

